



Concello de Nigrán

# **ENTROIDO NIGRÁN 2019**

**BASES CONCURSO DE COMPARSAS**

**SÁBADO 9 DE MARZO**

# NORMAS DE PARTICIPACIÓN

## INSCRICIÓN DE COMPARSAS

Poderán participar todas as comparsas que contén un número de participantes superior os vinte membros, dos cales un mínimo de dez terán que ser adultos. Para poder optar aos premios deberán inscribirse previamente no Rexistro do Concello de Nigrán. A inscrición poderá formalizarse ata o 1 de MARZO incluído, de luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 horas.

Para formalizar a inscrición será imprescindible entregar a ficha de inscrición e a ficha técnica con todos os campos ben cumprimentados e adxuntar a seguinte documentación:

### No caso das asociacións:

- Fotocopia do CIF.
- Certificado de conta bancario.
- Certificado de estar ao corrente tanto en Facenda coma na Seguridade Social.

\*As inscricións presentaranse de conformidade co provisto no artigo 66 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas e concordantes.

### No caso de persoa física:

- Fotocopia do DNI.
- Certificado de conta bancaria.
- Certificado de estar ao corrente tanto en Facenda Galega e Estatal, coma na Seguridade Social.
- Cumplimentar a ficha para o cobro das comparsas sen asociación constituída e sen CIF.

As bases do concurso e as fichas de inscrición estarán dispoñibles na Oficina de

Atención ao Cidadán ou no Departamento de Cultura (Terceiro andar do antigo Concello) e na páxina web municipal [www.nigran.org](http://www.nigran.org).

Aquelas comparsas que non estean inscritas pero desexen participar no desfile, poderán facelo pero sen opción a premio (notificando previamente á organización).

## **ACTOS PREVISTOS PARA AS COMPARSAS**

O desfile iniciárase o sábado día 9 de marzo ás 19:00 horas partindo da Rúa Telleira, percorrendo a rúa Rosalía de Castro ata a estrada de Ceán. Á altura do edificio da casa consistorial actuará cada unha das comparsas.

Se a previsión metereolóxica fose adversa para dita data, a celebración do concurso trasladaríase para o vindeiro sábado día 16 de marzo de 2019, mantendo a mesma hora e o mesmo lugar. Abríndose un segundo prazo de inscricións de comparsas ata o día 8 de marzo.

As comparsas deberán presentarse na Rúa Telleira unha hora antes do inicio do desfile. Se 15 minutos antes do comezo do mesmo algunha das comparsas non está preparada na súa totalidade, a organización resérvase o dereito de descalificala para optar aos premios.

O sorteo da orde de saída celebrarase o luns 4 de marzo no salón de plenos municipal ás 12.00 horas. A este acto poderán asistir os representantes das comparsas participantes. No caso de incomparecencia dos representantes, o resultado do sorteo será comunicado na páxina web do Concello de Nigrán: [www.nigran.org](http://www.nigran.org).

Ao remate da última actuación, terá lugar a entrega de premios debendo permanecer ata ese momento todas as comparsas disfrazadas e co equipamento utilizado nas súas actuacións.

## **PREMIOS**

Establécense os seguintes premios:

- 1º Premio: 600 €
- 2º Premio: 500 €
- 3º Premio: 400 €
- 4º Premio: 350 €
- 5º Premio: 300 €
- 6º Premio: 250 €
- 7º Premio: 100 €
- 8º Premio: 100 €
- 9º Premio: 100 €
- 10º Premio: 100 €
- 11º Premio: 100 €
- 12º Premio: 100 €

En base á lexislación vixente, no caso dos premios superiores a 300 euros, aplicarase unha retención do 20 % de I.R.P.F. aos beneficiarios que sexan persoas físicas.

Aquelas comparsas pertencentes a asociacións culturais, deportivas e veciñais do Concello de Nigrán inscritas no Rexistro Municipal de asociacións que participen no desfile, percibirán unha dotación adicional de 300 euros cada unha.

## **XURADO**

Pendente da súa designación. O xurado terá en conta a orixinalidade, o vestiario, a actuación e o número de participantes de cada unha das comparsas para a concesión dos premios. O xurado poderá deixar deserto algún premio. De haber menos comparsas que premios, o número destes reducirase axustándose ao número de comparsas inscritas.

## **ENTREGA DE PREMIOS**

Os premios entregaranse en cheques-formato que se poderán canxear no Concello polo seu equivalente líquido na forma de pago establecida polos servicios de intervención municipal.

Máis información: Na oficina de Atención ao cidadán, no 986365000 ou [www.nigran.org](http://www.nigran.org).